

(Guitiriz, 1914 – 1990)

Foi un poeta, profesor e tradutor galego. Estudou no seminario de Mondoñedo e máis tarde realizou a carreira de Filosofía e Letras en Salamanca, na especialidade de Linguas Modernas, das que chegou a dominar e traducir doce. Autor dunha breve obra poética, traduciu ao galego a Rainer Maria Rilke, e ao francés a Aquilino Iglesia Alvariño e a Fermín Bouza Brey. Foi académico da lingua e colaborador de diversas publicacións literarias.

## GRANDES ÉXITOS



1961

*Nimbos* (1961) é un poemario publicado pola Editorial Galaxia e impreso na Imprenta Peón, en Pontevedra. Nesta primeira edición contaba con ilustracións de Xohán Ledo na cuberta e nas páxinas interiores. O libro consta de trinta e dous poemas agrupados en

sete epígrafes de temática variada, cunha linguaxe rica ademais dunha depurada técnica. Foi a única obra publicada en vida de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro. O seu poema “Penélope”, incluído neste volume, foi o que lle deu máis sona. Nel, o poeta desde un punto de vista pesimista, interpreta o devir histórico de Galicia como a tea que facía e desfacía decote a personaxe da *Odisea*, “un paso adiante i outro atrás”.

“Estes non son poemas, nin cimentos de poemas siquera. Son fragmentos de min mesmo perdidos, coma ventos fuxidos, por antigos camiños esquencidos: Díaz Castro perdido no traxeito dun recordo moi longo, recolleito por un anxo e salvado nalgún intre de amor desesperado!”

“Coma ventos fuxidos”, *Nimbos* (1961)

“A poesía de Díaz Castro é unha das máis representativas do noso tempo; unha poesía que, sendo fundamente galega polo espírito que a informa, resulta universal pola altura e a verdade que encerra.”

*Historia da literatura galega* (1984), Francisco Fernández del Riego

